

**Acta núm. 13/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 15 de setembro de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 15 de setembro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2026, DO 04/08/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).
- 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZAS VAO PERMANENTE.
- 7º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 8º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA DE AMPLIACIÓN DE PRAZO.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2026, DO 04/08/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 04.08.2026, acta núm. 12/2026, coa seguinte corrección de erros aritméticos: No punto terceiro da orde do día, no apartado a) onde di: Total: 1.052,75 euros, debe dicir Total: 96,85 euros.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA CASTRO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai limpar e pintar as fachadas da vivenda sita en Gundín nº 5 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 5442805NH2454S0001IJ) obxecto da intervención sitúase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1), e sitúase dentro da zona de servidume da estrada autonómica AC-543 (p.q.11)

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada pola interesada ante o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña en data 13/07/2026 e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,60 euros.

Total: 43,60 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTINA BUGALLO GONZÁLEZ, mediante a que se comunica que vai executar obras de reparación da envolvente exterior da vivenda sita en Soutullos nº 6, San Salvador de Bastavales, consistentes en:

- Reparar gretas e pintar fachadas.

- Reparar, reconstruír e impermeabilizar a canle interior no aleiro da cuberta, con reposición /recolocación parcial da cobertura de tella afectada na zona do mesmo.

A vivenda (referencia catastral 7425303NH2472N0001PY) sobre a que se vai actuar atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1), e está dentro do entorno de protección dun ben de interese cultural, integrado no catálogo do PXOM: "Casa do Sindicato ; identificada coa clave: SBE3, con nivel de protección estrutural e en base ao artigo 45, apartados 2.a) e 2.b) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A cor de pintado das fachadas axustarase á gama de cores establecida para a área "Galicia central" da guía de cor e materiais de Galicia/ano 2017.

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 244,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 308,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José García García, que di actuar en representación de 3RGAL, S.L., mediante a que comunica que vai executar un peche de parcela no lugar de Sabaxáns, números 65, 66 e 67 – Bastavales, coas seguintes características:

Peche tipo 1 - Peche con fronte ao viario, tanto á estrada autonómica AC-300 como a un vial municipal, a executar con base de cachotería de pedra silvestre abuxardada de 1,20 cms de altura, coroadado con entramado de lamas de aluminio ata acadar a altura máxima permitida de 1,80 metros. Ao longo da liña de peche disporanse, de forma intercalada, columnas de pedra de granito silvestre.

A lonxitude total deste tramo de peche será de 46,09 m. Así mesmo, disporanse tres accesos peonís na fronte ao vial municipal e un acceso para vehículos, mediante portalón, na fronte á estrada autonómica AC-300.

Pecho tipo 2 - Sobre o lindeiro oeste, a executar con unha base de formigón de 0,40 m de altura, coroada con malla electrosoldada, ata acadar a altura máxima permitida de 1,80 m. A lonxitude total deste tramo de peche será de 23,73 m.

A parcela (referencia catastral 8314109NH2481S0001FQ) sobre a que se pretende actuar, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM. Así mesmo, a parcela sitúase dentro da zona de afección da estrada de titularidade autonómica AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 16/07/2026 (expediente IF205D/AC/2025/0223), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche axustarase ás condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 16/07/2026 (expediente IF205D/AC/2025/0223).

.- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 369,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 433,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AGUSTÍN MIRAMONTES CURROS, na que comunica que vai executar un peche de parcela no lugar de O Cabo – Os Ánxeles. O peche situarase na fronte da parcela, cunha lonxitude total de 24,55 metros lineais, a executar cunha base de fábrica de bloque de 0,60 metros de altura, sobre a que se disporá unha arameira ata acadar unha altura total de 1,80 metros, con postes de formigón intercalados e afastado a 4 m. do eixo da pista municipal.

Neste peche instalarase un portal de acceso peonil de 1 metro de ancho e un portalón de 4 metros de ancho, nun dos seus extremos.

A parcela (referencia catastral 7549154NH2474N000HH) sobre a que se pretenden executar as obras está clasificada como solo de núcleo rural (SNR), séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A base do muro en formigón deberá de quedar revestida e pintada en tons claros.

- A altura máxima, postes incluídos, non pode superar a altura total de 1,80 metros.

- O peche deberá de afastarse, como mínimo, a 4 metros do eixe do camiño.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 184,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Sistemas Ibéricos de Autoconsumo Sostenible S.L., que di actuar en representación de JOSÉ LUIS BAO VALIÑO, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (24) para autoconsumo na vivenda sita no lugar de Gutiande nº 60 – Os Ánxeles. As placas, segundo a memoria técnica asinada por Juan Luis García Menéndez, en data 03.08.2026, instalaranse sobre a cuberta da vivenda de xeito coplanar e distribuídas entre os dous faldóns da mesma, cunha potencia total de 9 kW.

As placas fotovoltaicas estarán apoiadas sobre unha subestrutura de aluminio e disporanse de maneira que queden paralelas aos faldóns da cuberta.

A vivenda (referencia catastral 7048918NH2474N0000TH) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 152,55 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 217,12 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Octopus Energy Low Carbon Tech España S.L.U, que di actuar en representación de SEBASTIAN RUBÉN FERNÁNDEZ BERAÚN, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (14) para autoconsumo na vivenda sita na Avda. dos Ánxeles, nº 34– Os Ánxeles. As placas, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Pau Alberó Beneyto, en data 15.07.2026, instalaranse sobre a cuberta da vivenda de xeito coplanar ao faldón sur desta, sustentándose o conxunto sobre unha subestrutura de aluminio apoiada sobre a cobertura da vivenda.

A vivenda (referencia catastral 6546313NH2464N0001SD) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 151,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 215,97 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Solfy Renewables, S.L., que di actuar en representación de MARÍA DEL CARMEN OUTEIRO SUÁREZ, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (14) para autoconsumo na vivenda sita en Monte Devesa nº 33 – Os Ánxeles. As placas, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Ferrán Morillas i González, en data 18.08.2026, instalaranse sobre a cuberta da vivenda de xeito coplanar, sustentándose o conxunto sobre unha subestrutura de aluminio apoiada sobre a propia cobertura.

A vivenda (referencia catastral 6246123NH2464N0001XD) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 127,74 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 192,31 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA MARÍA NIETO REY, mediante a que se comunica a execución de obras consistentes na substitución da cobertura de tella cerámica curva da vivenda sita na Avda. Vicente Ramos, nº 5, Os Ánxeles, así como da edificación anexa destinada a garaxe. Así mesmo, instalaranse dúas ventás sobre un dos faldóns da cuberta da vivenda.

A parcela (referencia catastral 7649415NH2474N0001IJ) sobre a que se vai actuar atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- . Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 209,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN CAJUSO MACEIRA, mediante a que comunica que vai substituír a galería de aluminio, instalada na planta primeira da fachada principal da vivenda sita na Avda. de Noia nº 40, por unha balconada de aluminio.

A edificación (referencia catastral 6349311NH2465S) onde se van a executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 21,25 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 85,82 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Olaya Rial Ces, que di actuar en representación de GALAIKA HOSTELERÍA, S.L., na que comunica o cambio de titularidade da comunicación previa de actividade de “cafetería” do local denominado O Novo Faro, situado na Rúa Inxerido nº 1, baixo – Os Ánxeles.

A devandita comunicación previa de actividade foi autorizada pola Xunta de Goberno Local en data 29.06.2021 a favor de María del Rocío Castro Noya, e agora solicítase a súa transmisión a favor de Galaika Hostelería, S.L.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a comunicación previa de actividade de “cafetería” do local denominado O Novo Faro, situado na Rúa Inxerido nº 1, baixo – Os Ánxeles, a nome de GALAIKA HOSTELERÍA, S.L., CIF- B93794105.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA FLORA MOLDES SUÁREZ, na que solicita licenza para poñer tella cerámica curva sobre a cobertura existente de fibrocemento en dous alpendres próximos entre si, situados na aldea de Alfonsín – Cornada.

As parcelas (referencias catastrais 7747109NH1474N0001BT e 7747111NH14740001AT) onde se pretenden executar as obras aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (Ordenanza nº 9 do PXOM), e sitúase dentro do contorno de afección dun elemento incluído no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM, identificado coa clave: CE1 e CC1 (“Aldea e cruceiro de Alfonsín”) e con nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 135,39 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 199,96 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para instalar un poste de fibra FVA-250 en vía pública, na fronte da parcela de referencia catastral: 6624812NH2462S0001RP, para reforzar tendido aéreo existente e coa finalidade de dar servizo á vivenda de Reboredo Grande nº 11 – Bastavales, segundo documento técnico asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos con data 25.06.2025.

A presente parcela está dentro dun ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM para as áreas consolidadas pola edificación.

Esta actuación segundo informe do técnico municipal situase dentro do contorno que define a aldea de Vilas, aínda que a numeración se identifique coa aldea de Reboredo Grande, e dentro do contorno que identifica o citado núcleo tradicional. O núcleo de Vilas, así como o de Reboredo Grande, están integrados no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coas claves: XBE6 e XBE2, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 21.04.2026 (expediente XTC- 2025-1732.AUI), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

c) Deuse conta dunha instancia asinada por Miguel Ángel Mosquera Pereiro, que di actuar en representación de JESÚS GARCÍA OTERO, na que solicita licenza para a instalación de placas fotovoltaicas (14) para autoconsumo sobre a cuberta da edificación auxiliar (garaxe) anexa a vivenda sita no lugar de Estrar, nº 41 – Os Ánxeles, consonte á memoria técnica asinada por Miguel Ángel Mosquera Pereiro en data 29.07.2026.

A vivenda (referencia catastral 7039410NH2474S0000ZQ) sobre a que se pretende executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM. Asemade sitúase na aldea de Estrar que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: AC4. Nivel de protección ambiental. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 135,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 200,25 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (9,60 kw) a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Guitiande nº 71 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia (2 ml), sobre vial municipal, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 18.06.2026.

A vivenda (referencia catastral: 7048919NH2474N0001GJ) obxecto de subministro aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 71,45 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,29 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,86 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de NOVATERRA MBC S.L., solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Liñares 68 – Brión, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data 29.07.2026, sen visar.

A parcela onde se vai executar a obra ("Parcela 498-1"), procedente da segregación da finca con referencia catastral núm. 6051202NH2455S0001OA, que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 19.05.2026, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2). A parcela sitúase parte na zona de afección da estrada AG-56, estando a edificación fora desta afección, segundo plano de emprazamento.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- **Consente co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde) nun prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.**

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa ás condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de incidencia análoga.

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, en data 29.07.2026, sen visar.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (aceptados pola Xunta de Goberno Local con data 19.05.2026), deberá aportar aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m³.

-. A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia; e, na parte situada na zona de afección de estradas, disporá de autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

